

PROXECTO
LINGÜÍSTICO DE
CENTRO IES
SÁNCHEZ CANTÓN

REVISIÓN Nº :

DATA: 30/06/2023

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30/06/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30/06/2023

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

Este documento intégrase no Proxecto Educativo.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

1. Nos centros que imparten educación infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
2. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
3. Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior.
4. Información sobre os programas e actividades que se desenvolverán no curso seguinte.
5. Propostas de mellora para o curso seguinte.

Esta addenda entregarase xunto coa PXA.

TÁBOA DE CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	3
3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	8
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	9
5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO	11
6. EXENCIÓNS	18
A. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14).....	19
B. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS.....	20
C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN (PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO).....	21
7. PROCEDEMENTOS QUE ASEGURAN QUE O ALUMNADO ACADA A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS (FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA, ENSINANZAS ARTÍSTICAS E DEPORTIVAS, E ENSINANZA DE PERSOAS ADULTAS).....	22
8. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.	23
9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA	26
A. COMPOSICIÓN.....	26
B. FUNCIÓNS	26
10. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	27
11. PLURILINGÜISMO	30
12. AVALIACIÓN	31

1. INTRODUCCIÓN

O Decreto 79/2010, do 20 de maio do 2010 (DOG, 25 de maio) para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia establece no artigo 3 a seguinte regulación que cómpre lembrar:

Na Administración educativa de Galicia e **nos centros de ensino** sostidos con fondos públicos **utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse** o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.

Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, **como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega**, agás no referido a comunicación con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que utilizará o castelán...”

Este mesmo Decreto 79/2010 dispón no artigo 14.1 que “cada centro, dentro do seu Proxecto Educativo, elaborará o seu Proxecto Lingüístico, no cal se fará constar:

- a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- b) En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- c) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanzas de persoas adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.
- d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.”

2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

O Departamento de lingua galega e literatura realizou unha recollida de datos que permite coñecermos tanto a competencia lingüística como os usos e actitudes do noso alumnado, principal destinatario do labor docente e razón de ser de todo o sistema educativo. A

enquisa que ofrecemos a seguir mostra con claridade o perfil deste alumnado, cuxo coñecemento é moi necesario e dalgún xeito reflicte a situación sociolingüística do propio centro. Velaquí os datos:

ENQUISA SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

ALUMNADO: 415 enquisas

Lingua na que aprendiches a falar: castelán **25,54%**; máis castelán 24,82%; as dúas por igual **33,01%**; máis galego **6,02%**; galego **6,99%**; outra 3,61%

Lingua que empregas habitualmente: castelán **73,25%**; máis castelán 19,04%; as dúas por igual **5,78%**; máis galego **0,48 %**; galego **0,96%**; outra 0,48%

Lingua que empregas habitualmente na casa: castelán **68,19%**; máis castelán 14,70%; as dúas por igual **6,51%**; máis galego **2,65%**; galego **5,30%**; outra 2,65 %

Lingua que empregas habitualmente coas túas amizades: castelán **81,93%**; máis castelán 12,77%; as dúas por igual 4,10%; máis galego **0,48%**; galego **0,48%**; outra 0,24%

Lingua que empregas habitualmente no instituto: castelán **45,54%**; máis castelán 24,34%; as dúas por igual **21,45%**; máis galego **3,86%**; galego **4,58%**; outra 0,24%

Lingua que falas cos teus compañeiros e compañeiras (excluíndo as clases de idiomas): castelán **93,73%** ; máis castelán 0,00%; as dúas por igual **6,02%**; máis galego 0,00%; galego **0,24%**; outra 0,00%

Lingua que falas co profesorado (excluíndo as clases de idiomas): castelán **39,52%**; máis castelán 0,00%; as dúas por igual **45,06%**; máis galego 0,00%; galego **15,42%**; outra 0,00%

Lingua que empregas co persoal non docente: castelán **74,22%**; máis castelán 0,00%; as dúas por igual; 17,59% máis galego 0,00%; galego **8,19%**; outra 0,00%

Lingua na que escribes (excluíndo as clases de idiomas): castelán **62,89%**; máis castelán 0,00%; as dúas por igual 34,22%; máis galego 0,00%; galego **2,89%**; outra 0,00%

Lingua que empregas nos exames (excluíndo as clases de idiomas): castelán **28,92%**; máis castelán 0,00%; as dúas por igual **56,39%**; máis galego 0,00%; galego **14,10%**; outro 0,00%

Lingua na que escribes mellor actualmente: castelán **69,64%**; máis castelán 0,00%; as dúas por igual 26,51%; máis galego 0,00%; galego **3,86%**; outro 0,00%

Lingua na que falas mellor actualmente: castelán **77,11%**; máis castelán 0,00%; as dúas por igual 20,72; máis galego 0,00%; galego **2,17%**; outro 0,00%

Lingua que entendes mellor actualmente: castelán **44,82%**; máis castelán 0,00%; as dúas por igual 52,53%; máis galego 0,00%; galego **2,65%**; outro 0,00%

Lingua na que actualmente les mellor: castelán **48,43%**; máis castelán 0,00%; as dúas por igual 46,27%; máis galego 0,00%; galego **5,30 %**; outro 0,00%

Capacidade para empregar o galego: moi boa **13,04%**; boa **50,72 %**; aceptable 31,40%; deficiente **4,83%**.

Dificultades en galego: falar 27,29%; escribir 36,47 %; entender 12,80%; ler 12,80%; entender, ler 1,21%; falar, entender 1,45%; falar, escribir 3,62%; falar, ler, escribir 0,48%; entender, ler, escribir 0,24%; falar, ler 1,69%; ler, escribir 1,21%; falar, entender, ler, escribir 0,72 %

Lingua empregada polo profesorado nas túas clases: só galego 2,17 %; máis galego 17,11 %; galego e castelán por igual 42,41%; máis castelán 36,39%; só castelán 1,93%

Lingua na que pensas que falarás de maior: só galego 70,60%; máis galego 0,00%; galego e castelán por igual 26,02%; máis castelán 0,00%; só castelán 3,37%.

Lingua na que pensas que falará a rapazada máis nova ca ti: só galego 82,41 %; máis galego 0,00%; galego e castelán por igual 14,70%; máis castelán 0,00%; só castelán 2,89%

Lingua na que pensas que se falará en 2100 en Galicia: só galego 50,36%; máis galego 0,00%; galego e castelán por igual 39,04%; máis castelán 0,00%; só castelán 10,60 %

Lingua na que pensas que deberían falar as galegas e os galegos en 2100: só galego 4,82 %; máis galego 0,00%; galego e castelán por igual 59,28%; máis castelán 0,00%; só castelán 35,90%

A opinión sobre o nivel de presenza do galego no centro: en rótulos, taboleiros, actividades extraescolares, aula virtual...: plena 14,22%; ampla 56,87 %; moderada 20,96 %; escasa 6,02 %; case ningunha 1,93%

Nivel de coñecemento das materias que che teñen que impartir en lingua galega: si 92,77%; non 7,23%.

Desta enquisa dedúcense unhas variables que debemos tomar en consideración para configurar o escenario de calquera planificación sociolingüística. O alumnado do IES *Sánchez Cantón* ten en termos porcentuais unha raizame sociolingüística maioritariamente monolingüe en castelán. A lingua ambiental e de contorna do centro é, por tanto, a castelá. Hai unha porcentaxe de aproximadamente un **0,24%** dese alumnado que emprega o galego como lingua de uso nas súas relacións sociais. Queda aínda un **6,02%** que emprega as dúas linguas, tanto a galega como a castelá, en todas as súas comunicacións orais. De aí que a situación da que partimos é practicamente unha zona cero a nivel lingüístico da presenza da lingua galega.

PROFESORADO: 79 enquisas

Dado que esta enquisa se realizou no ano 2021 o número de profesorado era moito maior ó que temos actualmente. Hoxe en día o claustro está composto por 74 profesores e profesoras.

Lingua na que aprendiches a falar: castelán **44,30%**, máis castelán 27,85%, as dúas por igual 17,72%; máis galego 1,27%, galego **8,86%**.

Lingua que empregas habitualmente: castelán **50,63%**, máis castelán 21,52%, as dúas por igual 7,59%; máis galego 3,80%, galego **16,46%**.

Lingua que empregas habitualmente na casa: castelán **53,16%**, máis castelán 18,99%, as dúas por igual 11,39%; máis galego 2,53%, galego **13,92%**.

Lingua que empregas habitualmente coas amizades: castelán **46,84%**, máis castelán 18,99%, as dúas por igual 13,92%; máis galego 3,80%, galego **15,19%**.

Lingua que empregas habitualmente no instituto: castelán **41,77%**, máis castelán 15,19%, as dúas por igual 13,92%; máis galego 7,59%, galego **20,25%**, outra 1,27%.

Lingua na que falas co profesorado no centro educativo: castelán **31,65%**, máis castelán 24,05%, as dúas por igual 16,46%; máis galego 7,59%, galego **20,25%**.

Lingua na que falas co alumnado na aula: castelán **41,77%**, máis castelán 16,46%, as dúas por igual 8,86%; máis galego 2,53%, galego **26,58%**, outra: 0,00%.

Lingua na que falas co alumnado fóra da aula: castelán **48,84%**, máis castelán 17,72%, as dúas por igual 10,13%; máis galego 5,06%, galego **20,25%**, outra: 0,00%.

Lingua na que escribes os textos para o alumnado no centro educativo: castelán **36,71%**, máis castelán 6,33%, as dúas por igual 13,92%; máis galego 5,06%, galego **32,91%**.

Lingua que empregas nos exames: castelán **39,24%**, máis castelán 1,27%, as dúas por igual 13,92%; máis galego 6,33%, galego **31,65%**, outra: 0,00%.

Lingua que empregas no persoal non docente no centro educativo: castelán **41,77%**, máis castelán 13,92%, as dúas por igual 16,46%; máis galego 3,80%, galego **24,05%**,

Lingua que empregas coas familias: castelán **29,11%**, máis castelán 21,52%, as dúas por igual 25,32%; máis galego 5,06%, galego **18,99%**, outra: 0,00%

Lingua que empregas en que escribes mellor actualmente: castelán **55,70%**, máis castelán 0,00%, as dúas por igual 37,97%; máis galego 0,00%, galego **6,33%**, outra: 0,00%.

Lingua que falas mellor actualmente: castelán **63,29%**, máis castelán 0,00%, as dúas por igual 30,38%; máis galego 0,00%, galego **6,33%**, outra: 0,00%.

Lingua que les mellor actualmente : castelán **35,44%**, máis castelán 0,00%, as dúas por igual 62,03%; máis galego 0,00%, galego **2,53%**, outra: 0,00%.

Consideración da túa capacitación para empregar o galego: moi boa **20,25%**, boa 48,10%, media 27,85%; deficiente **3,80%**.

Consideración do que lle resulta máis difícil en galego: falar **94,44%**, falar, escribir 2,78%, falar, entender, ler escribir 2,78%.

Lingua que emprega o seu alumnado nas aulas: só castelán **17%**, máis castelán **49%**, galego e castelán por igual 6%; máis galego **6%**, só galego **1%**.

Lingua que pensas que falará a rapazada máis nova que virá ó centro no futuro: castelán **53,16%**, máis castelán 31,65%, as dúas por igual 15,19%; máis galego 0,00%, galego **0,00%**, outra: 0,00%.

Lingua que pensas que deberían falar as galegas e os galegos en 2100: castelán 0,00%, máis castelán 1,27%, as dúas por igual **67,09%**; máis galego 16,46%, galego **15,19%**, outra: 0,00%.

Opinión sobre a presenza do galego no centro (en rótulos, taboleiros, actividades extraescolares, aula virtual): plena 36,44%, ampla 50,63%, moderada 13,92%,

Coñecemento de que materias se teñen que impartir en lingua galega: si 67,09 %, non 32,91%

Visibilización das actividades organizadas polo EDLG: só sei dalgunhas 62,03%, coñezo todas as actividades 29,11 %, non estou ao tanto 2,53%, descoñezo pois traballo nunha extensión do centro 1,27%, non sabía que había EDLG 2,53%, normal 1,27%, moi escasa 1,27%

Canto ao profesorado, hai que salientar a incorporación de moitos profesores e profesoras, que nos últimos anos están a facer un esforzo persoal por normalizar o emprego público da lingua galega co que están a derrubar ancestrais prexuízos ao impartiren, cun gran sentido da responsabilidade e compromiso cultural, a docencia na lingua propia do país. Aínda así, é máis que salientable, que apareza que un 94,44% considere que falar en galego lles resulte difícil. Tamén é máis que destacable que só un **26,58%** declara que fala galego na aula co alumnado, ao que se lle pode achegar o 2,53% que sinala máis galego e o 8,86% que afirma falar as dúas que sumarían **37,97%** fronte 41,77% que asegura falar castelán e o 16,46% máis castelán que suman un **58,23%**. Destes datos podemos deducir que o profesorado non ten a competencia oral axeitada e de aí que os usos orais sexan máis restrinxidos en lingua galega.

PERSOAL NON DOCENTE

No tocante ao persoal non docente a lingua en que aprenderon a falar e que empregan habitualmente na casa ou coas amizades é o castelán. No instituto empregan o 50% máis castelán e o outro 50% as dúas por igual. Coas familias e persoal alleo ao centro: 50% máis castelán e 50% as dúas por igual. Co alumnado: 50% máis castelán e 50% galego. Co persoal non docente: 50% máis castelán e 50% as dúas por igual. Co profesorado: 50% máis castelán e o outro 50% as dúas por igual. Entenden que a súa capacitación para o emprego da lingua galega é media.

A lingua que empregan maioritariamente co persoal non docente, tanto alumnado, como familias, persoal non docente e profesorado é máis castelán.

3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Téntanse desenvolver desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) unha serie de accións que propicien un maior e mellor uso da nosa lingua, tanto nos eidos docente e discente como naquelas actividades, escolares e fóra do ámbito escolar, que teñen como principal ámbito de intervención o noso propio instituto, se ben moitas veces a propia

realidade sobreponse e fai que a intervención do equipo procure saír fóra do espazo académico.

O EDLG asume plenamente o obxectivo xenérico de reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa, que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, afastado de usos sexistas e prexuzosos.

A experiencia dos últimos anos súxírenos a necesidade de manter a diversificación do noso esforzo na realización de distintas actividades que dinamicen o proceso normalizador en todas e cada unha das múltiples manifestacións da vida académica. Nada desta nos debe ser alleo. Cómpre anoar neste proxecto de normalización da lingua galega no ensino á conduta de todas as partes afectadas.

Primeiramente, o propio alumnado é o destinatario principal e mesmo razón de ser do noso traballo, pero, asemade, hai que atender os demais sectores presentes na comunidade escolar: os pais e nais, basicamente a través da Asociación de Nais e Pais de Alumnos, que nos cursos pasados nos prestou unha axuda moi salientable para culminar moitas das iniciativas programadas polo EDLG; o profesorado, neste tempo de mudanzas especialmente necesitado de estímulo e todo apoio posible para rachar coa inercia dun exercicio profesional que segue a desenvolverse maioritariamente hoxe aínda dun xeito monolingüe en castelán no noso instituto; os membros do equipo directivo do instituto, fundamental elo entre a administración educativa e a totalidade da comunidade escolar e, por tanto, artífices de grande importancia para, entre outros fins, a plena galeguización de impresos, actas, formularios e cantas comunicacións se fagan circular entre os distintos axentes do ensino; o persoal de administración e servizos, cun labor cotiá que tamén ocupa unha área importante nas relacións auxiliares da docencia; o persoal que rexenta o servizo de cafetería e, en fin, cantos, de calquera xeito, poidan contribuír nesta tarefa común proposta.

En síntese, os obxectivos deste proxecto oriéntanse cara á mellora cuantitativa e cualitativa da presenza da lingua galega na nosa contorna educativa. Hai unha serie de accións encamiñadas a revelar e combater os prexuízos diglósicos persistentes en amplas capas sociais ben representadas no instituto, nos diversos sectores educativos, e, alén diso, tamén se prevé a intervención favorable á consecución dun maior compromiso coa utilización e valoración da nosa lingua e cultura e saír fóra do espazo académico.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Cada curso académico desenvolvemos un proxecto específico de dinamización lingüística que contén, por unha banda, accións plurianuais que se manteñen dun ano para outro, e unha serie de actividades máis puntuais que varían en función dos intereses do alumnado. Doutra beira, tamén se intenta manter vivos os compromisos de participación e lealdade lingüística proclamados polo alumnado e o profesorado. Neste sentido, procuramos estar atentos á

evolución dese compromiso e, na medida do posible, apoialo para que non esmoreza por falta de ánimos e atención.

Dada a contorna, en todas as actividades pretendemos que a dimensión oral sexa efectiva porque é o que máis precisa o noso alumnado. A continuación imos indicar cales son as **liñas xerais de actuación** e que se completan con todas as actividades que forman parte de cada unha e que especificamos no apartado 10:

- a) Implicación activa dos membros da comunidade no proxecto (pais/nais, profesorado dos distintos departamentos, alumnado dos distintos ciclos, etapas e niveis, así como persoal de administración e servizos).
- b) Utilización das novas tecnoloxías para vincular a nosa lingua coa modernidade.
- c) Participación en actividades e colaboración con organismos para participar e/ou crear iniciativas conxuntas que teñan como obxectivo principal, ou cando menos, transversal o fomento da nosa lingua (Concello, SXPL, Deputación, visitas de persoeiros de actualidade.....). Trátase de iniciativas como o *Correlingua*, *Ben Veñas Maio*, *Como lle chamas ás cousas* de Onda Cero, *Salón do Libro*, *Pinto e Maragota*..
- d) Realización de actividades con alumnado doutros centros para reforzar a dimensión comunicativa (se son da contorna próxima) e para contrastar a nosa realidade lingüística con outras dialectalmente diferentes.
- e) Desenvolvemento de actividades con tipoloxía variada, plurianuais e proxectos para máis dun curso. Xa levamos varios cursos desenvolvendo traballos no EDLG e en colaboración con outros equipos docentes. Nestes proxectos intentamos que o tema central parta dos intereses do alumnado que lles resultan máis atractivos e axudan a normalizar a nosa lingua. Intentamos que a tipoloxía das actividades que desenvolvemos sexa o máis variada posible, deste xeito, fanse actividades que fomentan a oralidade, a escrita, os intercambios, que poñen en valor as festividades ou datas sinaladas (Nadal, Entroido, Samaín, Letras Galegas, 8m...), as novas tecnoloxías, a reflexión sociolingüística, sempre de man de todos os actores da comunidade educativa.



5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

ESO (LOMLOE)	1º ESO		2º ESO		3º ESO	
	H	LI	H	LI	H	LI
MATERIA						
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	3	G			2	G
EF	2	C	2	G	2	C
FÍSICA E QUÍMICA			3	C	2	C
EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS					1	C
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL	2	G			2	G
LINGUA CASTELA	4	C	3	C	3	C
1ª LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)	3		4		3	
LIGUA GALEGA	4	G	3	G	3	G
MATEMÁTICAS	4	C	5	C	4	C
MÚSICA			2	G	2	G
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL	2	G			2	G
RELIXIÓN	1	C	1	G	1	C
PROXECTO COMPETENCIAL	1	G	1	G	1	G
TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN	3	C	3	C		
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	G	3	G	3	G
2ª LINGUA ESTRANX. (FRANCÉS)	2		2		3*	
TITORÍA	1		1		1	
CULTURA CLÁSICA					3*	G
EDUCACIÓN DIXITAL					3*	C
ORATORIA					3*	C
CASTELÁN (%)	14	C	14	C	19	C
GALEGO (%)	15	G	12	G	15	G

*MATERIAS OPTATIVAS



ESO (LOMLOE)	4º ESO CIENCIAS		4º ESO CCSS		4º ESO FP	
	H	LI	H	LI	H	LI
EF	2	G	2	G	2	G
LINGUA CASTELA	3	C	3	C	3	C
1ª LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)	3		3		3	
LINGUA GALEGA	3	G	3	G	3	G
MATEMÁTICAS	4	C	4	C	4	C
RELIXIÓN	1	G	1	G	1	G
PROXECTO COMPETENCIAL	1	G	1	G	1	G
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	G	3	G	3	G
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	3	G	3		3	
DIXITALIZACIÓN	3	C	3	C	3	C
ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO	3		3	C	3	C
EXPRESIÓN ARTÍSTICA	3	G	3	G	3	G
FÍSICA E QUÍMICA	3	C	3		3	
FORMACIÓN E ORIENT. PERSOAL E PROF.	3	G	3	G	3	G
MÚSICA	3	C	3	C	3	C
LATÍN	3		3	C	3	
2ª LINGUA ESTRANX. (FRANCÉS)	3		3		3	
TECNOLOXÍA	3	C	3		3	C
CULTURA CLÁSICA	3*	G	3*	G	3*	G
FILOSOFÍA	3*	C	3*	C	3*	C
ORATORIA	3*	G	3*	G	3*	G
CASTELÁN (%)	22	C	22	C	22	C
GALEGO (%)	25	G	22	G	22	G



1º BACHARELATO (LOMLOE)

MATERIAS	CIENCIAS		HUMANIDADES	
	H	LI	H	LI
EF	3	G	3	G
FILOSOFÍA	3	C	3	C
LINGUA CASTELA I	3	C	3	C
1ª LINGUA ESTR. I	3		3	
LIGUA GALEGA I	3	G	3	G
MATEMÁTICAS I	4	C	4	
LATÍN I			4	C
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS I			4	C
RELIXIÓN	1	C	1	C
LIBRE DISPOSICIÓN DO CENTRO	1	G	1	G
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	4	G	4	
DEBUXO TÉCNICO II	4	G	4	
FÍSICA E QUÍMICA	4	C	4	
TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA I	4	C	4	
HISTORIA DO MUNDO CONTEMP.	4		4	G
LITERATURA UNIVERSAL	4		4	C
ECONOMÍA	4		4	C
GREGO I	4		4	G
ANATOMÍA APLICADA I*	4	G	4	G
ANÁLISE MUSICAL I*	4	C	4	C
ANTROPOLOXÍA*	4	C	4	C
CULTURA CIENTÍFICA*	4	G	4	G
DEBUXO ARTÍSTICO I*	4	G	4	G
FRANCÉS I (2ª LINGUA ESTRANXEIRA)*	4		4	
LIT. GALEGA DO S. XX E DA ACTUALID.*	4	G	4	G
TIC I*	4	C	4	C
* MATERIAS OPTATIVAS				
CASTELÁN (%)	31	C	35	C
GALEGO (%)	31	G	31	G



2º BACHARELATO (LOMLOE)

MATERIAS	CIENCIAS		HUMANIDADES	
	H	LI	H	LI
HISTORIA DA FILOSOFÍA	3	C	3	C
HISTORIA DE ESPAÑA	3	G	3	G
LINGUA CASTELA II	3	C	3	C
1ª LINGUA ESTR. II	3		3	
LIGUA GALEGA II	3	G	3	G
MATEMÁTICAS II	4	C	4	
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS II	4	C	4	C
LATÍN II			4	C
RELIXIÓN	1	C	1	C
LIBRE DISPOSICIÓN DE CENTRO	1	G	1	G
BIOLOXÍA	4	G	4	
DEBUXO TÉCNICO II	4	G	4	
FÍSICA	4	C	4	
QUÍMICA	4	C	4	
TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA II	4	C	4	
XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS	4	G	4	
XEOGRAFÍA	4		4	G
EMPRESA E DESEÑO MOD. DE NEGOCIO	4		4	C
GREGO II	4		4	G
HISTORIA DA ARTE	4		4	C
ANÁLISE MUSICAL II*	4	C	4	C
DEBUXO ARTÍSTICO II*	4	G	4	G
FRANCÉS II (2ª LINGUA ESTRANXEIRA)*	4		4	
MÉTODOS ESTATÍSTICOS E NUMÉRICOS*	4	G	4	G
PSICOLOXÍA*	4	C	4	C
TIC II*	4	C	4	C
Xª, Hª, ARTE E PATRIMONIO DE GALICIA*	4	G	4	G
* MATERIAS OPTATIVAS				
CASTELÁN (%)	39	C	35	C
GALEGO (%)	31	G	27	G



CICLO FORMATIVO SUPERIOR: ENSINANZA E ANIMACIÓN SOCIODEPORTIVA

MÓDULOS		H	LI
1º CURSO	VALORACIÓN DA CONDICIÓ FÍSICA	9	C
	METODOLOXÍA DIDÁCTICA	4	C
	XOGOS E ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS	6	G
	FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL	4	C
	ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS INDIVIDUAIS	7	G
	DEPORTES CON IMPLEMENTO	6	G
	CASTELÁN (%)	17	
	GALEGO (%)	19	
2º CURSO	ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS DE EQUIPO	8	G
	PLANIFICACIÓN DA ANIMACIÓN SOCIODEPORTIVA	3	C
	ACTIVIDADE DE OCIO E TEMPO DE LECER	9	C
	DINAMIZACIÓN GRUPAL	7	G
	ACTIVIDADES PARA INCLUSIÓN SOCIAL	6	C
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	3	G
	CASTELÁN (%)	18	C
	GALEGO (%)	18	G

ENSINANZAS DEPORTIVAS DE FÚTBOL

MÓDULOS		H	LI
NIVEL I	BASES ANATÓMICAS E FISIOLÓXICAS DO DEPORTE	2	C
	BASE PSICOPEDAGÓXICA DO ENSINO E DO ADESTRAMENTO DEPORTIVO	1	G
	ADESTRAMENTO DEPORTIVO	2	G
	FUNDAMENTOS SOCIOLÓXICOS DO DEPORTE ORGANIZACIÓN E LEXISLACIÓN DO DEPORTE	1	C
	PRIMEIROS AUXÍLIOS E HIXIENE DO DEPORTE	4	C
	IDIOMAS, TIC E DEPORTE ADAPTADA	2	
	DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL	1	G
	DIRECCIÓN DE EQUIPOS	1	C
	METODOLOXÍA DO ENSINO E DO ADESTRAMENTO DO FÚTBOL	2	C
	PREPARACIÓN FÍSICA	2	C
	REGRAS DO XOGO	2	C



	SEGURIDADE DEPORTIVA	2	G
	TÁCTICAS E SISTEMAS DE XOGO	4	G
	TÉCNICA INDIVIDUAL E COLECTIVA I	4	C
	CASTELÁN (%)	14	C
	GALEGO (%)	10	G
NIVEL II	BASES ANATÓMICAS E FISIOLÓXICAS DO DEPORTE II	2	C
	BASES PSICOPEDAGÓXICAS DO ENSINO E DO ADESTRAMENTO DEPORTIVO II	2	G
	ADESTRAMENTO DEPORTIVO II	2	G
	TEORÍA E SOCIOLOXÍA DO DEPORTE	1	G
	ORGANIZACIÓN E LEXISLACIÓN DO DEPORTE II	1	G
	IDIOMAS E TIC	4	G
	DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL II	1	G
	DIRECCIÓN DE EQUIPOS II	2	C
	METODOLOXÍA DO ENSINO E DO ADESTRAMENTO DO FÚTBOL II	2	C
	PREPARACIÓN FÍSICA II	2	G
	REGRAS DO XOGO II	2	C
	TÁCTICAS E SISTEMAS DE XOGO II	5	C
	TÉCNICA INDIVIDUAL E COLECTIVA II	4	G
	CASTELÁN (%)	13	C
	GALEGO (%)	17	G
NIVEL III	BIOMECÁNICA DO DEPORTE	1	G
	ADESTRAMENTO DO ALTO RENDEMENTO DEPORTIVO	2	G
	FISIOLOXÍA DO ESFORZO	2	G
	XESTIÓN DO DEPORTE	2	G
	PSICOLOXÍA DE ALTO RENDEMENTO DEPORTIVO SOCIOLOXÍA DO DEPORTE DE ALTO RENDEMENTO	1	G
	INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN INGLÉS	3	
	DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL III	2	G
	DIRECCIÓN DE EQUIPOS III	1	G
	METODOLOXÍA DO ENSINO E DO ADESTRAMENTO DO FÚTBOL III	1	C
	PREPARACIÓN FÍSICA III	3	C
	REGRAS DO XOGO III	1	G
	SEGURIDADE DEPORTIVA III	1	C



	TÁCTICAS E SISTEMAS DE XOGO III	5	C
	TÉCNICA INDIVIDUAL E COLECTIVA III	4	G
	PROXECTO FINAL	1	G
	CASTELÁN (%)	10	C
	GALEGO (%)	17	G

ENSINANZAS DEPORTIVAS DE BALONMÁN

MÓDULOS		H	LI
NIVEL I	BASES ANATÓMICAS E FISIOLÓXICAS DO DEPORTE	2	G
	BASE PSICOPEDAGÓXICA DO ENSINO E DO ADESTRAMENTO DEPORTIVO	1	G
	ADESTRAMENTO DEPORTIVO	2	G
	FUNDAMENTOS SOCIOLÓXICOS DO DEPORTE ORGANIZACIÓN E LEXISLACIÓN DO DEPORTE	1	G
	PRIMEIROS AUXÍLIOS E HIXIENE DO DEPORTE	4	C
	IDIOMAS, TIC E DEPORTE ADAPTADA	2	G
	DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL	1	G
	DIRECCIÓN DE EQUIPOS	1	G
	METODOLOXÍA DO ENSINO E DO ADESTRAMENTO DO BALONMÁN	2	C
	PREPARACIÓN FÍSICA	2	G
	REGRAS DO XOGO	2	G
	SEGURIDADE DEPORTIVA	2	C
	TÁCTICAS E SISTEMAS DE XOGO	4	C
	TÉCNICA INDIVIDUAL E COLECTIVA I	4	G
CASTELÁN (%)	14	C	
GALEGO (%)	16	G	
NIVEL II	BASES ANATÓMICAS E FISIOLÓXICAS DO DEPORTE II	2	C
	BASES PSICOPEDAGÓXICAS DO ENSINO E DO ADESTRAMENTO DEPORTIVO II	2	G
	ADESTRAMENTO DEPORTIVO II	2	G
	TEORÍA E SOCIOLOXÍA DO DEPORTE	1	C
	ORGANIZACIÓN E LEXISLACIÓN DO DEPORTE II	1	C
	IDIOMAS E TIC	4	
	DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL II	1	G
	DIRECCIÓN DE EQUIPOS II	2	C



	METODOLOXÍA DO ENSINO E DO ADESTRAMENTO DO BALONMÁN II	2	C
	PREPARACIÓN FÍSICA II	2	G
	REGRAS DO XOGO II	2	G
	TÁCTICAS E SISTEMAS DE XOGO II	5	C
	TÉCNICA INDIVIDUAL E COLECTIVA II	4	G
	CASTELÁN (%)	13	C
	GALEGO (%)	13	G
NIVEL III	BIOMECÁNICA DO DEPORTE	1	C
	ADESTRAMENTO DO ALTO RENDEMENTO DEPORTIVO	2	C
	FISIOLOXÍA DO ESFORZO	2	G
	XESTIÓN DO DEPORTE	2	G
	PSICOLOXÍA DE ALTO RENDEMENTO DEPORTIVO SOCIOLOXÍA DO DEPORTE DE ALTO RENDEMENTO	1	C
	LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS	3	
	DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL III	2	G
	DIRECCIÓN DE EQUIPOS III	1	G
	METODOLOXÍA DO ADESTRAMENTO DO BALONMÁN	1	C
	PREPARACIÓN FÍSICA ESPECÍFICA II	3	G
	REGRAS DO XOGO III	1	C
	SEGURANZA NO BALONMÁN II	1	G
	FORMACIÓN TÉCNICA E TÁCTICA INDIVIDUAL DO BALONMÁN	2	C
	XOGO COLECTIVO OFENSIVO E DEFENSIVO III	4	C
	PROXECTO FINAL	1	G
		CASTELÁN (%)	12
	GALEGO (%)	12	G

6. EXENCIÓNS

Artigo 18º.-Exención da cualificación das probas de lingua galega.

1. O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.

2. A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.
3. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.
4. O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a, a revogación da exención.
5. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atopa.
6. Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

A. PROCEDIMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14 ART. 5)

Artigo 5. Presentación da solicitude da exención

1. A solicitude da exención da materia de lingua galega deberá presentarse en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o que se utilizará o formulario normalizado que figura como anexo desta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es>. A referida solicitude irá asinada polo alumno ou pola alumna solicitante, polo seu pai/nai/titor/titora ou pola persoa que teña a súa representación legal, se é menor de idade, e nela exporanse as razóns polas que se solicita a exención.

No caso de que se envíe por correo, este deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario, para garantir que a data de remisión é anterior ao remate do prazo de presentación da solicitude.

2. A solicitude dirixirase á persoa titular da Dirección do centro docente onde o alumno ou a alumna curse os seus estudos.
3. No caso que a persoa solicitante ou a persoa que a represente non preste o seu consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do departamento ministerial competente, no modelo normalizado da solicitude conforme o previsto no anexo da presente orde, deberá achegar a copia do documento de identidade correspondente.
4. Se a solicitude é presentada por algunha das persoas proxenitoras do menor ou da menor solicitante, xunto coa solicitude achegarase o documento acreditativo da representación alegada.

5. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares, conforme o previsto no artigo 3 da presente orde.

DECRETO 79/2010

Artigo 19º.- Solicitudes de exención do Decreto de Plurilingüismo

1. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares consecutivos, conforme o previsto no artigo anterior deste decreto.
2. As solicitudes de exencións dirixiranse aos directores/as dos centros. Os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa. No caso dos centros privados e privados concertados, a resolución correspóndelle á dirección dos centros públicos a que estean adscritos.
3. A resolución da dirección do centro docente público poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

B. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS

Aula de Galego 1 é un manual para o ensino e aprendizaxe do galego baseado no enfoque comunicativo e por tarefas, adaptado ao *Marco europeo común de referencia para as linguas* no nivel A2. É o material empregado para os cursos preparatorios de Celga 1 e pódese atopar en librarías.

<https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-1/aula-de-galego/alumnado>

Curso multimedia de galego. Tamén contén materiais de consulta. E-galego

Dicionario visual interactivo É unha ferramenta de iniciación ao galego para alumnado procedente do estranxeiro.

Dicionarios e vocabularios (xerais e específicos): <https://www.dacoruna.gal/normalizacion-linguistica/recursos-para-o-galego/diccionarios-e-vocabularios/#Xerais>

Tradutores:

<https://www.dacoruna.gal/normalizacion-linguistica/recursos-para-o-galego/tradutores/>

Linguateca (TIC, Multilingüismo, Sociolingüística):

<https://www.dacoruna.gal/normalizacion-linguistica/recursos-para-o-galego/linguateca/>

C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEÑANZAS QUE SE LLE IMPARTEN (PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO)

As medidas que se terán en conta están relacionadas co artigo que reproducimos a continuación.

ARTIGO 4. DEBERES DO ALUMNADO EXENTO (ORDE 10/2/14 ART. 5)

1. A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.
2. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.
3. O incumprimento por parte do alumno ou da alumna do establecido no punto anterior determinará a **revogación da exención**, logo dos informes pertinentes e unha vez oída a persoa interesada ou, de ser o caso, os seus proxenitores, tutores ou representantes legais.
4. A revogación ou denegación da exención producirán como efecto para o alumnado a obriga de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atope.
5. Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, de ser o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación

MEDIDAS:

- a) En 1º e 2º da ESO contéplanse dúas horas de reforzo educativo en Lingua galega e literatura para aquel alumnado **exento de francés**. Neste senso, se coincide que o alumno/a exento da materia de lingua galega e literatura, tamén o está en francés, recibiría estas dúas sesións a maiores.
- b) En 1º e 2º da ESO, na materia de Lingua galega e literatura, hai agrupamentos flexibles para aqueles alumnos e alumnas que teñen altas probabilidades de fracasar en gran grupo (lembreos que as nosas aulas son de 30). De haber prazas, é moi útil a aprendizaxe en pequeno grupo porque favorece un maior aproveitamento para o alumnado que vén de fóra.
- c) No caso de 3º e 4º da ESO, non hai neste momento agrupamentos flexibles na materia de Lingua galega e literatura porque se substituíron polo PDC, e a non ser que o alumno/a cumpra os requisitos para acceder a este grupo, non podería ser aplicada esta medida. Por

outra banda, tamén sería posible que o Departamento de orientación, de haber dispoñibilidade favoreza algún tipo de reforzo lingüístico mediante o profesorado de pedagogía terapéutica.

d) Para o resto das ensinanzas que se imparten no centro (Bacharelato e Ciclos) hai un reparto equitativo entre as dúas linguas oficiais tal como indica o Decreto, o que favorece que o alumno/a exento vaia, progresivamente, familiarizándose coa nosa lingua propia.

e) En calquera caso e para calquera curso, é esencial que, ademais da materia de Lingua Galega e Literatura, aquelas materias que se desenvolvan en lingua galega (tanto as determinadas no Decreto 79/2010 como as determinadas polo claustro) favorezan estratexias para que o alumnado teña un dominio solvente en ambas linguas.

7. PROCEDIMENTOS QUE ASEGURAN QUE O ALUMNADO ACADA A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS (FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA, ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS E DEPORTIVAS, E ENSEÑANZA DE PERSOAS ADULTAS)

Comprensión oral e escrita.

Comprensión escrita:

Todas as materias, na medida do posible, favorecerán o desenvolvemento do hábito de lectura entre o alumnado. Por iso procurarán deseñar tarefas que impliquen a lectura de textos propios da materia fóra do horario escolar e vinculadas a situacións de aprendizaxe do currículo.

Comprensión oral:

Todas as materias, na medida do posible, favorecerán o desenvolvemento da capacidade do alumnado para oír e comprender producións orais vinculadas a elas. Para iso tentarán deseñar tarefas que impliquen a audición de contidos propios delas e vinculadas a situacións de aprendizaxe do currículo.

Expresión oral e escrita:

Expresión oral:

Todas as materias, na medida do posible, favorecerán o desenvolvemento da capacidade do alumnado para se expresaren oralmente na lingua na que se impartan. Para iso procurarán deseñar tarefas referentes aos contidos propios delas e vinculadas a situacións de

aprendizaxe concretas nas que a expresión e a capacidade comunicativa sexan parte fundamental da propia actividade.

Expresión escrita:

Todas as materias, na medida do posible, favorecerán o desenvolvemento da capacidade do alumnado para se expresaren por escrito na lingua na que se imparta a materia. Para iso procurarán deseñar actividades referentes aos contidos propios delas e vinculadas a situacións de aprendizaxe concretas nas que a expresión escrita e a capacidade comunicativa sexan parte fundamental da propia actividade.

Con respecto aos módulos de **ensinanzas deportivas**, estableceuse un reparto equilibrado entre lingua galega e castelá, tal e como figura nos cadros correspondentes do apartado 5. Por outra banda, favorecerase que o alumnado fale e escriba na lingua correspondente do módulo (Artigo 12.3 derogado do Decreto de Plurilingüismo). Por último, nos distintos módulos tamén se terán en conta a calidade da oralidade e da escrita, tal e como figura enriba.

8. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.

Como documento base de traballo para adaptar e adecuar en todos os departamentos didácticos estableceremos unha serie de medidas, onde o tratamento da lingua siga unhas pautas como eixo transversal no proceso de ensino-aprendizaxe.

A comprensión oral, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita convértese en elementos esenciais no noso traballo diario. É algo no que insistimos moito porque a lingua é a ferramenta básica sobre a que avaliamos a produción dos nosos alumnos.

Os nosos obxectivos nesta competencia son os seguintes:

a. **Traballar o discurso oral e escrito.** As intervencións en clase e as exposicións de temas concretos contribúen ao desenvolvemento destas destrezas.

b. Facilitar a adquisición dun **vocabulario específico** da área que deben aprender a utilizar.

c. Mellorar os niveis de **argumentación e razoamento** sobre os feitos históricos/científicos/literarios/publicitarios e de tipo social. Neste sentido as nosas preguntas sempre pedirán os por que e os para que. A causalidade e a consecuencia son moi importantes nas nosas materias.

d. **Aprender a debater**, agudizando a capacidade crítica e o esforzo de darlle a volta aos argumentos do contrario.

e. Adquirir **destrezas de busca de información, clasificación e interpretación** sobre contido histórico/científico/literario/publicitario ou de tipo social. Neste sentido os exercicios de resumir e esquematizar convértense en fundamentais. **A lectura comprensiva** como medio para chegar á verdadeira aprendizaxe.

f. Comprender a natureza de textos multimodais:

histórico/científico/literario/xornalístico/publicitario/ etc. e **reelaborar a información** encontrada de xeito que poidamos desenvolver unha relación das ideas contidas no texto cos feitos que as explican e as condicionan. Neste sentido o exercicio do comentario de texto é o máis completo para este fin.

g. Contribuír á adquisición das distintas técnicas e ferramentas que permiten **describir fenómenos** naturais e humanos.

h. Procurar que o alumnado coide a **orde expositiva**, a coherencia, a cohesión, a **presentación** da información, os conectores que dan fluidez ao discurso, a **variedade léxica e a ortografía**.

i. **Aprender a ler e interpretar os textos multimodais** (estadísticas, infografías, mapas conceptuais, etc.) porque son cada vez máis frecuentes e sintetizan unha gran cantidade de información.

j. **Aprender a elaborar diferentes textos multimodais.**

Os distintos departamentos traballan mediante lecturas obrigatorias, optativas e en colaboración cos numerosos **Club de Lectura** que hai no centro.

Mínimos para a presentación de traballos e tarefas académicas

<p>Respecto da forma:</p> <p>Cumprir o prazo de entrega marcado polo profesorado.</p> <p>Presentar un traballo pulcro.</p> <p>Coidar a caligrafía; a letra debe ser clara e lexible, respectando a horizontalidade.</p> <p>Gardar as marxes, deixando espazo en branco nos bordos da</p>



páxina.

Estruturar o texto en parágrafos e deixar unha separación entre eles para que se aprecien visualmente.

De elaborar o traballo cun **procesador de texto**. Debemos usar axeitadamente (sen abusar) os tipos de letra, a cursiva, a negra e as maiúsculas.

Respecto do contido:

Nunca usar o “cortar e pegar”. O traballo debe reflectir que lemos, comprendemos e sabemos expresar coas nosas palabras a información.

A corrección ortográfica é intrínseca á produción textual. Revisar a **ortografía e a puntuación** antes de entregalo é fundamental. Unha lectura atenta pode axudarnos a detectar e corrixir erros (débense empregar correctores ortográficos para detectar erros e autocorrixirse, en liña temos Ortogal para lingua galega).

Empregar un **registro lingüístico formal** e culto. Elaborar un discurso variado en léxico, claro, preciso, ben estruturado, que evite a repetición de palabras e ideas.

procedencia do material que acheguemos (imaxes, citas...).

Non esquecer escribir **o nome**, número e curso.

Esforzarse por empregar **terminoloxía específica**.

Citar correctamente a **bibliografía** e as fontes consultadas na elaboración do traballo, así como especificar a autoría sempre que se requira.

9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

A. COMPOSICIÓN

I. PROFESORADO

Concepción Díaz Candán (coordinadora)

Salomé Díaz Muñiz (Lingua galega e literatura)

Anxos Rial Vidal (Lingua galega e literatura)

María N. Buceta (Matemáticas)

II. ALUMNADO

Sabela Rivas Campos (2ºBachD)

Uxía Martínez Leiro (2ºBachE)

Javier Hermida (2BachD)

III. PERSOAL NON DOCENTE

Dolores Vila López (conserxe).

Elena Cruz Soage (conserxe)

B. FUNCIONS (DECRETO 324/1996, DO 26 DE XULLO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO ORGÁNICO DOS INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA)

IV. COORDINADOR/A

a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.

b) Responsabilizarse da redacción dos planos que serán propostos á comisión de coordinación pedagóxica.

c) Convocar e presidir as reunións do equipo.

d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.

e) Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

V. EQUIPO

1. Presentar a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - a) Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano específico para potencia-la presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos planos anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece na súa normativa específica.

10. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- a) **Liñas de actuación que amosan a implicación activa dos membros da comunidade no proxecto (pais/nais, profesorado dos distintos departamentos, alumnado dos distintos ciclos, etapas e niveis, así como persoal de administración e servizos).** Consequimos implicar de xeito directo a todos os departamentos nas diferentes iniciativas (non todos os departamentos colaboran en todo pero si nas actividades que mellor lles acaen en función das súas programacións). Un bo exemplo destas iniciativas é o desenvolvemento de sesións de pais e nais relatores ou a implicación de toda a comunidade (incluído profesorado xubilado) no horto escolar.

Alén disto, nas nosas actividades intentamos que estean implicados todos os departamentos e clubs do centro. Por exemplo, as actividades plásticas en datas sinaladas, facémolas conxuntamente co departamento de Plástica. Tamén traballamos conxuntamente cos Clubs de Lectura, Biblioteca Escolar, Equipo de Convivencia en iniciativas específicas. Colaboramos, tamén co Club de Ciencia e do Cambio Climático

na creación de material identificativo como chapas, pegatinas que divulguen as nosas iniciativas. Por último, colaboramos con todas as iniciativas que nos propoña a vicedirección

b) Liñas de actuación que dan conta do nivel de utilización das novas tecnoloxías:

A continuación, indicamos os espazos web e contas que mantemos con carácter xeral:

1. Mantemento da páxina do EDLG, do Comité de Igualdade (CI) no espazo web do

centro e o blog de Clubs de lectura (CL) durante todo o curso.

Espazo do EDLG na web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanchezcanton/taxonomy/term/71>

Espazo do CI na web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanchezcanton/taxonomy/term/73>

2. Mantemento das contas nas redes sociais do EDLG e do Comité de Igualdade

(EDLG, CI, CL, alumnado dos equipos, todo o curso).

Instagram do EDLG:

<https://www.instagram.com/gnldosanchez/?hl=es>

Conta do CI:

<https://instagram.com/igualdadesanchezcanton?igshid=YmMyMTA2M2Y=>

Conta de Tick tock do CI:

https://www.tiktok.com/@igualdadesanchezcanton?_t=8ZDVYLzWqSz&_r=1

Varios espazos Twitter:

<https://twitter.com/GNLdoSanchez> ,
https://twitter.com/gnl_sanchez

Radio:

<https://www.spreaker.com/show/onda-sanchez>

Conta de correo:

gnldosanchez@gmail.com

Por outra banda, tamén se fan presentacións utilizando códigos QR (neste curso 22-23, por exemplo, o alumado do EDLG presentou unhas *playlists* de música en galego á que podes acceder con códigos QR, presentación de mulleres científicas en colaboración coa Uvigo.

Outras actividades que fomentan a oralidade van relacionadas coa promoción da Radio Escolar Onda Sánchez, para a que o alumnado cre podcast. Alén disto, mantemos colaboracións con Onda Cero e CRTVG. Por último, dentro do ámbito tecnolóxico adoitan elaborarse diferentes pídulas informativas, audiovisuais de creación propia...

c) Liñas que dan conta da participación, colaboración puntual ou colaboración permanente con outras institucións

Neste ámbito, mantemos unha estreita colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do concello de Pontevedra, coa Concellería de Igualdade de Pontevedra, Pazo da Cultura e coa Deputación de Pontevedra. Neste senso, participamos en actividades de sociolingüística como obradoiros, exposicións, congresos, debates: obradoiros do *Ben Veñas, Maio* (banda deseñada, audiovisual, fotografía), así como a participación neste concurso literario; participación nas actividades do programa *Pinto e Maragota* (Deputación): charlas e conferencias activismo lgtbi, roteiros; actividades *Do Gris ao Violeta* sobre memoria histórica; participación nas iniciativas de Ponteatro e asistencia ás obras.

Por outra banda, tamén colaboramos directamente co concello (por exemplo, tres alumnas do IES participaron na inauguración de tres rúas de Pontevedra con cadanseu monólogo), co Salón do libro ou con Ondacero (este curso, cun proxecto sobre memoria histórica e muller: <https://www.ondacero.es/emisoras/galicia/pontevedra/audios-podcast/club->).

d) Liñas en colaboración con outros centros

Neste caso, intentamos que as nosas iniciativas se compartan con outros centros do concello. Este ano, iniciamos unha dinámica de actuacións conxuntas que fomentasen a lingua e a igualdade: por exemplo, levamos a diante unha andaina polo 25N con alumnado dos IES Luís Seoane e a Xunqueira I. Outras actividades que se adoitan desenvolver son os contacontos interciclos, algún intercambio lingüístico, participación en iniciativas como o *Ben Veñas, Maio, Correlingua*...

e) Liñas que se realizan de xeito plurianual e proxectos para máis dun curso: celebración de actividades en días sinalados (Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Os Maios, Letras Galegas; 25 N, 12 de febreiro Día da Muller e Nena na Ciencia; Día de

Rosalía, 8M, 31 marzo Día da vibilidade trans, Orgullo Lgtbi....). As actividades que facemos nestas datas van dende exposicións temáticas deseñadas polo alumnado, plásticas, de libros relacionados, cartelería anunciadora....

Por outra banda, alén de actividades plurianuais, tempos tamén un proxecto sobre Muller e Memoria que comezamos a desenvolver xa no 2020-2021:

Curso 20-21 (Entre Donas ás beiras do Lérez), curso 21-22 (A súa memoria, A nosa memoria).

Curso 22-23 (mulleres guerrilleiras antifascistas). Aínda non está decidida a temática do vindeiro curso.

Finalmente, sinalar que o noso proxecto estará aberto a todas aquelas propostas de actividades quevaian chegando, de calquera tipo de entidade, asociación, etc. Como poden ser as conferencias de sociolingüística da Mesa pola Normalización Lingüística, as exposicións do SNL do concello de Pontevedra ou outras que xurdan.

11. PLURILINGÜISMO

A. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnado que presente, por unha banda un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das línguas e por outra, para o que teña xa un dominio superior à media poida seguir avanzando.

O primeiro paso na detección desta necesidades parte da avaliación inicial, que as identificará e aplicará medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades supere as posibilidades do profesorado recorrerase ao Departamene de Orientación.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte do profesorado que teña horas dispoñibles, como das dúas profesoras de Pedagogía Terapéutica. De acordo coas seguintes referencias legais: **ART 55. DA ORDE DO 8 DE SETEMBRO DE 2021**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; **DECRETO 229/2011, DO 7 DE DECEMBRO**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei

orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. **DECRETO 86/2015, DO 25 DE XUÑO**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia.

B. SECCIÓN BILINGÜES

O centro ten concedido a autorización de sección bilingüe en francés en 4º de ESO e 1º de BACH. Na actualidade non se está a desenvolver por falta de profesorado **CLIL**.

C. CENTROS PLURILINGÜES

12. AVALIACIÓN

O contido deste proxecto poñerase a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro, de feito que poidan facerse suxestións que permitan a súa mellora na seguinte revisión deste.